



**Memoria final do departamento de
Matemáticas**

IES A Xunqueira II

Pontevedra

Asdo. A xefatura de departamento

D^a M^a Inmaculada Mezquita Fernández



Índice

| | |
|---|----|
| 1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións..... | 3 |
| 2. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores..... | 5 |
| 3. Propostas para a revisión de..... | 9 |
| 1. A programación didáctica para o curso seguinte | 9 |
| 2. A concreción curricular | 9 |
| 4. Funcionamento do departamento | 10 |
| 5. Composición do mesmo | 11 |
| 6. Temas máis importantes tratados nas reunións | 11 |
| 1. Setembro | 12 |
| 2. Outubro..... | 12 |
| 3. Novembro | 12 |
| 4. Decembro | 12 |
| 5. Xaneiro..... | 13 |
| 6. Febreiro..... | 13 |
| 7. Marzo | 13 |
| 8. Abril..... | 13 |
| 9. Maio | 13 |
| 10. Xuño | 14 |
| 7. Informe de actividades complementarias e extraescolares..... | 14 |
| 8. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave | 15 |
| 9. Libros de texto, inclusive EDIXGAL..... | 15 |

1. Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica feita ao principio de curso e as súas motivacións

Tendo en conta a *ORDE do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aprobaba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*, e seguindo instrucións da inspección educativa, houbo que presentar no mes de febreiro unha addenda á programación coa modificación correspondente dos criterios de avaliación, cualificación e promoción na ESO, tendo en conta que a sesión da terceira avaliación parcial da educación secundaria obrigatoria houbo de coincidir coa sesión de avaliación final.

En xeral, cada un dos docentes en cada nivel e grupo, foron avanzando na programación facendo as súas propias adaptacións metodolóxicas atendendo ao número de alumnado e as diversas necesidades existentes, o que xustifica, que nun mesmo nivel e/ou con diferente profesorado da materia nos distintos grupos, houbera algunha diferenza no número de estándares ou criterios de avaliación desenvolvidos.

As seguintes unidades didácticas da programación non se puideron tratar no presente curso:

1º ESO: UD 10 Estatística.

2º ESO: UD 4.- Proporcionalidade (nalgúns grupos si que se traballou).
UD 10.- Xeometría no espazo (nalgúns grupos si que se traballou).
UD 11.- Estatística. Probabilidade (nalgún grupo si que se traballou).

3º ESO : UD 7 Táboas, parámetros e gráficos estatísticos (nalgún grupo si que se traballou).
UD 8 Azar e probabilidade (nalgún grupo si que se traballou).
UD 10 Corpos xeométricos (nalgúns grupos si que se traballou).
UD 11 Proporcionalidade (nalgúns grupos si que se traballou).
UD 12 Movementos no plano

4º ESO (MAC): UD 7 Combinatoria (nalgún grupo si que se traballou)..
UD 8 Probabilidade.
UD 9 Estatística.

4º ESO (MAP): UD 7.- Probabilidade.

Matemáticas I: UD 7 Vectores.

UD 8 Xeometría analítica.

UD 9 Probabilidade.

UD 10 Estatística.

A UD 6 Derivadas, non se rematou (non se traballou en profundidade curvatura, problemas de optimización, e derivabilidade).

Matemáticas Aplicadas ás CC.SS. I:UD 7 Probabilidade.

UD 8 Estatística.

Das UD 5 e 6, non se traballou en profundidade Continuidade, Asíntotas e Derivabilidade.


2ºBACH. MÉTODOS ESTADÍSTICOS E NUMÉRICOS: Programación lineal (traballouse nos grupos de Ciencias), Intervalos e confianza e Cadenas de Markov.

2. Análise dos resultados das avaliacións do alumnado en relación cos cursos anteriores

Na estatística reflexada a continuación están incluídos os resultados da convocatoria extraordinaria de xuño no caso de 1º e 2º de bacharelato para o curso 2022-2023.


Resultados convocatoria de xuño. Curso 2021-2022

| | TOTAL | Nº Aprobados | Nº Suspensos | % Aprobados | % Suspensos |
|----------------|-------|--------------|--------------|-------------|-------------|
| 1º ESO | 114 | 93 | 21 | 82% | 18% |
| 2º ESO | 113 | 68 | 45 | 60% | 40% |
| 3º ESO MAC | 97 | 78 | 19 | 80% | 20% |
| 3º ESO MAP | 10 | 8 | 2 | 80% | 20% |
| 4º ESO MAC | 87 | 66 | 21 | 76% | 24% |
| 4º ESO MAP | 18 | 9 | 9 | 50% | 50% |
| 1º BACH MAT I | 55 | 39 | 16 | 71% | 29% |
| 1º BACH MAP | 49 | 39 | 10 | 80% | 20% |
| 2º BACH MAT II | 51 | 47 | 4 | 92% | 8% |
| 2º BACH MAP | 53 | 50 | 3 | 94% | 6% |
| 2º BACH MEN | 77 | 77 | 0 | 100% | 0% |



Resultados convocatoria de xuño. Curso 2022-2023

| | TOTAL | Nº Aprobados | Nº Suspensos | % Aprobados | % Suspensos |
|--------------------|-------|--------------|--------------|-------------|-------------|
| 1º ESO | 120 | 99 | 21 | 82,50% | 17,50% |
| 2º ESO | 113 | 76 | 37 | 67,26% | 32,74% |
| 3º ESO | 101 | 59 | 42 | 58,42% | 41,58% |
| 4º ESO MAC | 94 | 78 | 16 | 82,98% | 17,02% |
| 4º ESO MAP | 27 | 17 | 10 | 62,96% | 37,04% |
| 1º BACH MAT I | 58 | 52 | 6 | 89,66% | 10,34% |
| 1º BACH MatCCSS I | 51 | 38 | 13 | 74,51% | 25,49% |
| 2º BACH MAT II | 35 | 33 | 2 | 94,29% | 5,71% |
| 2º BACH MatCCSS II | 44 | 42 | 2 | 95,45% | 4,55% |
| 2º BACH MEN | 47 | 45 | 2 | 95,74% | 4,26% |




Nos resultados de 1º ESO están incluídos os correspondentes aos agrupamentos flexibles, o resumo concreto deles recóllese na seguinte táboa

| AGRUPAMENTOS | TOTAL | Nº Aprobados | Nº Suspensos | % Aprobados | % Suspensos |
|--------------|-------|--------------|--------------|-------------|-------------|
| 1º ESO A+B | 10 | 8 | 2 | 80,00% | 20,00% |
| 1º ESO C+D | 10 | 7 | 3 | 70,00% | 30,00% |


Resultado dos pendedes do curso anterior. Curso 2021-2022

| | TOTAL | Nº Aprobados | Nº Suspensos | % Aprobados | % Suspensos |
|---------------|-------|--------------|--------------|-------------|-------------|
| 1º ESO | 27 | 23 | 4 | 85% | 15% |
| 2º ESO | 14 | 13 | 1 | 93% | 7% |
| 3º ESO MAC | 12 | 10 | 2 | 83% | 17% |
| 3º ESO MAP | 2 | 0 | 2 | 0% | 100% |
| 1º BACH MAT I | 1 | 0 | 1 | 0% | 100% |
| 1º BACH MAP | 9 | 9 | 0 | 100% | 0% |



Resultado dos pendentes do curso anterior. Curso 2022-2023

| | TOTAL | Nº Aprobados | Nº Suspensos | % Aprobados | % Suspensos |
|--------------------|-------|--------------|--------------|-------------|-------------|
| 1º ESO | 16 | 4 | 12 | 25,00% | 75,00% |
| 2º ESO | 26 | 16 | 10 | 61,54% | 38,46% |
| 3º ESO MAC | 12 | 11 | 1 | 91,67% | 8,33% |
| 3º ESO MAP | 1 | 0 | 1 | 0,00% | 100,00% |
| 1º BACH MAT I | 3 | 3 | 0 | 100,00% | 0,00% |
| 1º BACH Mat CCSS I | 9 | 9 | 0 | 100,00% | 0,00% |



Subliñar que un alumno de 1º ESO C e outro de 1º ESO D aprobaron con AC, un alumno de 2º ESO A e outro de 2º ESO C tiveron AC aínda que non acadaron o aprobado, e tamén en 3º C houbo AC para un alumno que suspendeu e repite curso.

Nos agrupamentos flexibles de 1º da ESO atendéronse aqueles alumnos con máis dificultades de seguir as explicacións da materia nun grupo numeroso e recibiron unha atención máis individualizada. No agrupamento A+B, saíron dous alumnos no primeiro trimestre (un deles pasou

a traballar coa PT), e entraron outros dous. No agrupamento C+D tamén houbo un cambio nese primeiro trimestre dun alumno que saíu e outro que entrou.

Resultou moi beneficioso para o alumnado de MATEMÁTICAS II, cursar a materia de MEN.

Debido aos cambios nas datas de avaliación, aqueles alumnos da ESO que non chegaron á nota mínima de 5 tiveron a opción de recuperar a materia nunha proba final (a mesma, en forma e contidos mínimos, para cada nivel) durante o período de tempo que transcurriu entre á realización dos exames correspondentes ao terceiro trimestre e as sesións de avaliación final. Ademais, para os alumnos de 1º de Bacharelato que non acadaron o aprobado na convocatoria ordinaria, o departamento organizou unha proba extraordinaria (a mesma para todos os grupos, na que entraron todos os contidos vistos no curso). Durante ese tempo realizáronse actividades de apoio, reforzo e ampliación para todo o alumnado, aínda que a maioría dos de 1º de Bacharelato xa non asistiu ás clases.

A melloría dos resultados na avaliación de pendentes na ESO é consecuencia do insistente seguimento prestado ao alumnado, aínda que en 2º da ESO casi non amosaron interese e tiveron moitas faltas de conduta.

Os pendentes de Matemáticas aplicadas ás CCSS son cambios de modalidade.

3. Propostas para a revisión de

1. A programación didáctica para o curso seguinte

- Revisar a temporalización da programación tendo en conta a imposibilidade de rematar o programa e o acurtamento, de seguir así, do terceiro trimestre no caso de 1º de Bacharelato.
- Nos cursos pares implantarase a LOMLOE.
- Revisar o apartado de criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado na ESO e no Bacharelato para a súa adaptación de tódolos niveis á LOMLOE.
- Revisar a organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato, dende o primeiro trimestre.

2. A concreción curricular

O dito no apartado anterior, concretarase na programación do próximo curso.

4. Funcionamento do departamento

Os compoñentes do departamento estiveron coordinados mantendo contacto sempre que foi necesario, traballando de maneira consensuada nas actividades e probas obxetivas naqueles cursos impartidos por mais dun profesor e celebráronse, ademáis, as correspondentes reunións ordinarias mensuais e reunións extraordinarias cando foi necesario. Fíxose un seguimento exhaustivo da programación con análise das melloras que se poderán realizar para o próximo curso.

Recibiron axuda os alumnos con necesidades especiais a través distintas medidas extraordinarias de atención á diversidade:

- Agrupamentos flexibles en 1º ESO
- Reforzos específicos en 2º ESO
- Coa profesora de Pedagogía Terapéutica Mercedes Domínguez Martínez en 1º e 2º da ESO.

Nas clase dos venres nos grupos de 1º da ESO, traballáronse os criterios de avaliación correspondentes a unidade transversal 11 (o departamento ten asignada unha hora máis de docencia para este nivel correspondente á “hora de libre disposición do centro” que contempla a LOMLOE).

5. Composición do mesmo

A composición do departamento de Matemáticas e a asignación de grupos no presente curso 2022–2023, foi a seguinte:

| PROFESORES | CARGO | MATERIA | NIVEL | GRUPOS | HORAS | TOTAL |
|--|----------------------|------------------------------|---------|---------|-------|----------|
| M ^a Inmaculada Mezquita Fernández (Definitiva) | Xefa de Departamento | MATEMÁTICAS ACADÉMICAS | 4º ESO | B | 4 | 16 HORAS |
| | | MATEMÁTICAS I | 1º BACH | A | 4 | |
| | | MATEMÁTICAS II | 2º BACH | A | 4 | |
| | | MEN | 2º BACH | B+C | 2 | |
| | | APOIO MATEMÁTICAS | 2º ESO | A/B | 2 | |
| Mar Álvarez Paredes (Definitiva) | | MATEMÁTICAS I | 1º BACH | B | 4 | 18 HORAS |
| | | MATEMÁTICAS APLICADAS CCSS I | 1º BACH | C/D | 8 | |
| | | MATEMÁTICAS II | 2º BACH | D | 4 | |
| | | MEN | 2º BACH | A+D | 2 | |
| Carlos Andiñón Hermida (Definitivo) | Titor 2º BACH C | MATEMÁTICAS (AGR. FLEX) | 1º ESO | A+B/C+D | 10 | 20 HORAS |
| | | MATEMÁTICAS II | 2º BACH | B/C | 8 | |
| | | APOIO MATEMÁTICAS | 2º ESO | C/D | 2 | |
| Marta Hierro Villarino (Definitiva) | Titor 3º ESO C | MATEMÁTICAS | 2º ESO | A | 5 | 17 HORAS |
| | | MATEMÁTICAS | 3º ESO | B/C/D | 12 | |
| Luisa Conde Estévez (Definitiva) | | MATEMÁTICAS | 1º ESO | A/C | 10 | 18 HORAS |
| | | MATEMÁTICAS ACADÉMICAS | 4º ESO | D | 4 | |
| | | MATEMÁTICAS APLICADAS | 4º ESO | A+B | 4 | |
| Manuel Míguez Coejo (Definitivo) | Titor 2º ESO D | MATEMÁTICAS | 2º ESO | C/D | 10 | 18 HORAS |
| | | MATEMÁTICAS | 3º ESO | A | 4 | |
| | | MATEMÁTICAS ACADÉMICAS | 4º ESO | C | 4 | |
| Susana Iglesias Rey (Definitiva) | | MATEMÁTICAS | 1º ESO | B/D | 10 | 19 HORAS |
| | | MATEMÁTICAS | 2º ESO | B | 5 | |
| | | MATEMÁTICAS ACADÉMICAS | 4º ESO | A | 4 | |

Susana Iglesias Rey tivo coma substituto a Juan José Raposo Barreira dende finais do segundo trimestre, por baixa médica.

6. Temas máis importantes tratados nas reunións

1. Setembro

Pendientes : seguimiento e elaboración de boletíns.

Elaboración das probas iniciais.

Programación con Proens.

Agrupamentos flexibles.

Propostas actividades complementarias.

2. Outubro

(EXTRAORDINARIA)

Valoración do perfil competencial pensado por algúns compañeiros do departamento, e do elaborado polo director Juan Carlos Pérez.

(ORDINARIA)

Informe da CCP do 11 de novembro.

Determinación do perfil competencial para matemáticas.

Seguimento de pendentes.

Seguimento elaboración programación cursos impares.

Visita IGE.

3. Novembro

Seguimento da programación.

Seguimento de pendentes.

4. Decembro

Seguimento da programación.

Informe CCP 13 de decembro.

5. Xaneiro

Exames de pendentes 2ª avaliación: Datás e elaboración das probas.

6. Febreiro

(ORDINARIA)

Informe ccp 31 de xaneiro.

Estudo da oferta educativa provisional de 4º ESO e 2º Bacharelato (follas de reserva).

(EXTRAORDINARIA)

Addenda á programación de Matemáticas nos cursos da ESO.

7. Marzo

Informe CCP 28 de marzo.

Datás exames pendentes 3ª avaliación.

8. Abril

Pospúsose para maio posto que coincidiron distintas actividades en distintos niveis e as reunións de avaliación do segundo trimestre, aínda que houbo postas en común de actividades e exames entre os distintos membros do departamento.

9. Maio

(EXTRAORDINARIA)

Informe CCP 9 de maio.

Petición de material para o departamento.

(ORDINARIA)

Seguimento e exames de recuperación de pendentos.

Exames de recuperación na ESO e Bacharelato.

Listaxe de libros de texto para o vindeiro curso 2023-2024.

Seguimento da programación

10. Xuño

Valoración e seguimento da programación con análise das melloras que se poderán realizar para o próximo curso.

Resultados das avaliacións final na ESO, e extraordinaria en Bacharelato

7. Informe de actividades complementarias e extraescolares

- Os alumnos de Ciencias de 4º da ESO e 1ª de Bacharelato, asistiron o 10 de febreiro a conferencia ***O saber e o sabor das Matemáticas de proximidade*** de María Elena Vázquez Cendón, doutora en Ciencias Matemáticas pola USC e Premio María Josefa Wonenburguer 2022, dentro dos actos que promoveu o Concello de Pontevedra co gallo do Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia
- O xoves 27 de abril presentáronse 5 alumnos de 2º da ESO a Fase de Zona da Olimpiada Matemática. Foron 4 alumnos de 2º ESO B e 1 alumno de 2º ESO C os que realizaron o exame no IES A Xunqueira 1. Aínda que non pasaron de fase, a experiencia resultou gratificante.
- Varios alumnos de 1º da ESO presentáronse a Convocatoria de ESTALMAT celebrada o 3 de xuño.

8. Valoración do traballo feito para a integración das TIC na práctica docente, fomento da lectura e desenvolvemento das competencias clave

A integración nas TIC é manifesta na utilización das pizarras dixitais e dos ordenadores do proxecto Edixgal, así como no uso do AV do centro (salientar a desigual resposta do alumnado, algúns moi implicados e uns poucos que non se implican nada ou case nada).

9. Libros de texto, inclusive EDIXGAL

Os libros e material utilizados durante o presente curso académico foron os seguintes:

- 1º ESO (agrupamentos flexibles) e 2ª ESO, Editorial ANAYA.
- No resto dos cursos fíxoase aportación de material teórico e boletíns de exercicios a través de E-dixgal (instruccións da dirección do centro) ou pola AV. Tamén utilizáronse outros materiais didácticos complementarios, tanto para a atención a diversidade como para todo o alumnado coa materia pendente.